

## Discurso Clausura XIV Asemblea Nacional BNG

\*\*\*\*\*

Non esperaba verme neste compromiso. É unha grande responsabilidade. Todos somos conscientes de que non é unha asemblea normal, é especial. Temos por diante retos enormes, cara dentro e cara fóra. Moita xente no país está agardando os resultados desta Asemblea. Non polo que hoxe culmina senón polo que hoxe comeza. Faremos o posible para cumprir o cometido. Sabemos que non é reto pequeno nin fácil. Pero imos tentalo con toda a ilusión. E estou case seguro de que o conseguiremos. Co voso apoio conseguiremolo!

Compañeiros, compañeiras!

Quero agradecervos a confianza depositada en min e nas compañeiras e compañeiros que me acompañarán na executiva e no consello nacional. Non me foi fácil tomar unha decisión pero **asumo, asumimos, o reto con ilusión**. E asíoo porque eu teño tamén infinita confianza en vós. E pronto a xente aí fóra vai confiar en nós. Entre todas e todos imos sacar isto adiante. Con moita xenerosidade e con moita intelixencia colectiva. Traballando moito, coidando a nosa mensaxe e falando un por un con todos os galegos e galegas até convencelos.

\*\*\*\*\*

Compañeiras e compañeiros  
Delegacións convidadas  
Amigos e amigas

Permitide que, antes de entrar en fariña, transmita en nome de todos o agradecemento ao noso compañeiro e amigo Guillermo Vázquez polo inmenso traballo realizado nestes catro últimos anos como Portavoz Nacional. Tivo que tripular esta nave en momentos especialmente difíciles e cuns refachos que facían moi difícil manter o equilibrio. Fíxoo con xenerosidade e, agora, con grande altura de miras puxo en marcha este proceso de reconsideración que hoxe culmina. Agradecemento que fago extensivo ás compañeiras e compañeiros que partillaron con Guillermo estes anos á fronte do BNG.

Permitide tamén que agradeza singularmente a Carme Adán a súa xenerosidade e lealdade nestas dúas semanas como responsábel de comunicación.

Agradezo por suposto a Montse e a todos os compañeiros que nestes días fixeron posíbel que esta Asemblea puidera discorrer a perfección.

En fin, permitide que hoxe simbolice en todos eles o espírito de xenerosidade que caracteriza ao mellor da militancia do BNG, a todos vós.

Amigos e amigas, fixemos un esforzo colectivo moi valioso ao longo dos últimos meses. Tres roldas de asembleas comarcais, documento de balance, centos de reunións do proceso propón connosco, relatorio da asemblea, debates, emendas, etc até chegar aquí.

Todo iso foi feito ao mesmo tempo que unha intensa actividade política, sindical e social. Por si só xa é algo que ten un mérito extraordinario. Pero nun contexto de reveses electorais e **cando a antipolítica se converteu xa no paradigma político do sistema** todo o feito adquire tintes case heroicos.

Certamente, a antipolítica é hoxe un virus mortal. Nós temos que ser o antídoto.

Todo o que hoxe cristaliza aquí permítenos coller folgos para un longo camiño cara a conquista das nosas institucións de autogoberno e cara a soberanía.

Actualizamos as nosas propostas e prioridades para confrontar a crise económica, social e institucional.

E puxemos a punto os criterios para mellorar o noso funcionamento e estilo de traballo interno e externo.

Hoxe sentamos as bases para recuperar o pulso político despois de pasar un tempo atormentados polas forzas da disgregación, aturridos polos cantos de serea da claudicación e frustrados pola silandeira voz do “ninguneo”.

O BNG sae desta Asemblea con novas ideas, con propostas estratéxicas claras e con liñas de acción realistas para afrontar a nosa loita política diaria no marco dunha crise económica, social, política e institucional de proporcións históricas.

Acabamos de coñecer que os salarios caeron un 4%, a pobreza laboral subiu 2 puntos nun ano e van acompañados de novos retallamentos; anúncianse novas medidas nas pensións e no sector público en xeral. Camiño do gran colapso. Xa hai tempo que temos claro que todos estes recortes xeneralizados son pasos perfectamente calculados para un cambio de modelo, unha radicalización do neoliberalismo coñecido.

Enfrontámonos ao fracaso do modelo global neoliberal, unha auténtica crise sistémica, unha mudanza histórica da xoeconomía mundial e unha centralización tecnocrática cara Bruxelas e unha desaforada centralización política cara Madrid.

Cómpre recoñecer que a envergadura do que está a acontecer implica unha batalla desigual pero, aínda así, nós imos estar nela con afouteza.

Iso si, o noso corpo a corpo vai ser contra un goberno Feijóo cuxo único proxecto para o país é metelo no leito de Procusto do déficit e cortar todo o que sobre. Sen iniciativa, entregado ao proxecto centralista e conservador da dereita madrileña e máis preocupado polo estourido da burbulla de corrupción do PP que pola dramática situación que atravesan a nosa economía e as nosas familias.

Feijóo está facendo méritos diante da banca: demostrándolles que lles é de fiar, que é un castigador que non lle treme o pulso diante do sufrimento dos seus gobernados...que digo?, súbditos!

Ademais é como a cizaña, empresario que abraza, empresa que afunde. Primeiro foron as loas mutuas entre el, Pego e Gayoso. Logo foi o Fontenla, logo o García Costas de Barreras, hoxe é Fernández de Sousa de Pescanova. Que se tenten as roupas os demais. Non lle importan as empresas, tan só os donativos e as fotos.

Por algo nos Peares lle chamaban á súa casa a “casa do Cizaña”.

O BNG vai segar a cizaña ben a rente ou, mellor aínda, vai arrincarlle a raíz.

Para devolverlle a dignidade e a esperanza a este país.

XA abonda de mercenarios ao servizo dos que estrangulan o país.

O BNG sae hoxe cunha dirección totalmente renovada e moza, con xente cargada de ilusión, porque sabemos que o BNG é o futuro.

O BNG é a solución á crise. O BNG é a solución ao desleixo do PP. O BNG é o ariete fronte ao neoliberalismo. O BNG é o único parapeto valioso contra o centralismo económico e político que nos abafa.

O BNG é desde hai moito tempo o motor da dignidade desta nación, o aliado permanente das clases populares, das que sufren as consecuencias dun modelo inxusto e depredador.

Somos un nacionalismo construtivo: con alternativas realistas e cunha folla de ruta de longo alcance para construímos un estado e construír unha sociedade inclusiva e xusta.

### **Tres niveis e tres patas do proceso soberanista**

A nosa resposta á crise sistémica actual enxerga as propostas alternativas para saír da crise neoliberal coa proposta para conquistar a soberanía.

Que ninguén se equivoque, non hai dicotomía: as medidas de alcance para saír de verdade da crise pasan por aumentar o poder de decisión real da sociedade para impoñerse aos mercados, ao capital financeiro.

Nós sempre fomos soberanistas pero é que esta crise demostra con clareza que a ausencia de soberanía é unha das causas fundamentais do caos económico neoliberal que nos destroza.

É moi difícil enxergar outras políticas económicas, de certo alcance, sen invertir a relación de subordinación entre a sociedade e os mercados globais.

Como moi ben argumenta o prestixioso economista de Harvard Dani Rodrik, o mundo de hoxe enfróntase a un trilema entre globalización soberanía e democracia. Só recuperando a soberanía podemos recuperar unha senda de progreso e preservar a democracia.

Compañeiros e compañeiras, o BNG non anda embarcado en ningunha “deriva soberanista”. Os nacionalistas de hoxe non podemos desmerecer os nosos devanceiros que naquela célebre Asemblea Nazonalista de Lugo de 1918 proclamaron solemnemente: “Son chegado-l-os tempos d´erguere a y-alma e o pensamento de Galicia, e sobor todo a súa soberanía, completa e sin cativeces. N-isto non caben discusións: Galicia ten dereito, un dereito fundamental, a ser dona ausoluta de si mesma. Con vontade ceibe faremos nupcias d’amore con outras soberanías, contr´as que non vai nin quér ire a soberanía nosa”.

Nós hoxe asinamos unha por unha todas estas verbas.

Amigos e amigas nacionalistas, sabedes cal sería o único e verdadeiro perigo para unha forza nacionalista? O perigo sería entrar nunha “deriva autonomista”. Mais, por fortuna e con orgullo podemos dicir que nós non somos autonomistas, nunca o fomos e nunca o seremos!

Aínda así, todo hai que dicilo, somos os únicos que de verdade batallamos para que as institucións autonómicas cumpran coa letra que as instituíu e fagan uso efectivo das súas competencias. Os demais, simplemente, ocúpanas

Sabemos que hai numerosas voces que tratan de frear ese debate, estigmatizándoo. Outros posibelmente dubidan da súa pertinencia ou receptividade por parte da sociedade.

Entrementras, os españolistas e o centralismo madrileño **non dubidan nada** á hora de acometer o proceso máis radical de recentralización. Aí si que padecemos unha “deriva centralista” que nos arrastra cara un auténtico burato negro.

Temos o nivel de conciencia nacional que temos, mais se nós mesmos non nos esforzamos por aumentala, quen o vai facer?

De feito estamos a pagar as consecuencias de ter descoidado ese labor durante moito tempo.

Para virar esa situación formulamos a nosa alternativa: **con tres niveis de discurso e con dúas vías de traballo complementarias.**

Nun **primeiro nivel**, denunciarnos a ruptura do “pacto autonómico” por parte do centralismo.

Nos últimos tempos estamos asistindo a un sistemático vaciamento das competencias.

Feijóo é moi rebelde para incumprir as sentencias que lle desmontan o seu indigno decreto de plurilinguismo pero acata e aplaude coa orellas toda canta lei e decreto sae do plan centralizador de Madrid.

O autogoberno está sometido a un brutal desbalde.

As competencias non é que sexan invadidas sitematicamente, o problema é que as están desmantelando de feito e de dereito de moitas delas:

- o orzamento anual é sometido a aprobación previa do goberno central e a o seu control periódico de execución
- o goberno central imponnos o nivel de deficit que lle peta
- unha taxa de reposición do emprego público que impide manter as dotacións e servizos
- a reforma da lei de bases do réxime local uniformiza a ordenación do territorio, reforza as deputacións e as privatizacións
- a nova lei de Planta xudicial impón unha uniformización disparatada para o caso galego
- a Lei da Unidade de mercado impide medidas correctoras ou protectoras no relativo á autorización de actividades
- a regulación dos horarios comerciais fíxase por decreto lei estatal impedindo calquera medida protectora do pequeno comercio
- coa nova Lei de Costas a decisión sobre o futuro de ENCE non vai estar en Galiza senón en Madrid
- a xestión dos espazos protexidos igual
- o sector enerxético, en particular o eólico, pasa a depender estratexicamente de Madrid
- as rendas dos galegos van, vía impostos, dedicados a cubrir o rescate financeiro, principalmente madrileño, con Bankia como emblema; hoxe por hoxe o 34% da débeda pública de todo o estado sería imputábel ao desbalde capitalino
- saquean os orzamentos dos nosos gobernos a beneficio das grandes construtoras madrileñas e das grandes empresas de servizos;
  - dismantelan o noso sistema financeiro para apropiarse do noso aforro
  - imponen uns recortes e privatización dos servizos públicos básicos como a sanidade e os servizos sociais
- esa Lei da Wertgoña, como din os estudantes, que impón desde Madrid un dismantelamento do ensino público de calidade
- que trata de imponer e blindar unha re-españolización aínda máis completa do ensino?
- mesmo queren imponer as touradas como Ben de Interese Cultural para todo o estado

Compañeiros, é obvio que temos que reaccionar, o país ten que reaccionar.

Como imos agachar a orella ante tamaña agresión aos nosos intereses colectivos?, como non imos erguer nos fronte a unhas contra-reformas que atacan a dignidade da xente, dos traballadores e do pobo en xeral?

É xusto o fracaso do centralismo, a súa vontade de reflotar a costa da periferia e a aceptación da extorsión do centralismo tecnocrático do eixo Bruxelas-Frankfurt-Berlín o que está a provocar a crise máis profunda do sistema institucional español dos últimos trinta anos.

Eses que non queren admitir que en realidade España desapareceu coa peseta están agora entregando servilmente a capacidade de decisión a institucións para-democráticas da Eurozona. Coma todos os imperialistas fracasados, para compensar, tentan recentralizar todo a nivel interno.

Pero que saiba Rajoy, que saiba Feijóo, que se eles rompen o modelo autonómico, nós non imos limitarnos a criticalo ou reivindicalo reactivamente. Nós non imos ser só os do “non”. Nós imos formular a nosa proposta en positivo: soberanía, dereito a decidir, estado propio.

O **segundo nivel** do noso discurso é a naturalización da opción soberanista.

Cómpre situar o debate soberanista no terreo do realismo e do pragmatismo. Que os galegos e galegas se acheguen a este tema sen as anteolleiras do españolismo intereseiro madrileño.

Para empezar, compre afirmar que iso permítenos reducir toda a faramallada de 5 niveis administrativos, custosísimos e ineficientes. No actual contexto de crise temos que aforrar os custes dos goberno central, as deputación e as delegacións do goberno central.

Para seguir, a creación de novos estados non é algo estrambótico senón unha realidade dos tempos que vivimos.

En Europa creáronse 16 novos estados en dúas décadas e no último século pasouse de 24 estados en 1906 a 48 en 2013. Se nos fixamos no mundo, 43 dos 193 países foron constituídos como estados nos últimos 35 anos.

Moitos dos novos países europeos teñen menos de vinte anos de vida. Todos eles viven con ledicia a súa independencia, progresan economicamente e ningún deles se mostra arrepentido de alcanzar a independencia.

Vou contarvos algo. Hai poucos meses estiven por segunda vez en Lituania no marco dun proxecto de investigación europeo. Lituania é un pequeno país de 3,2 millóns de habitantes. 23 anos despois da súa independencia (un 11 de marzo) se algo aprecian os lituanos é a liberdade nacional. Tanto que por medo ás tentacións anexionistas rusas eles prefiren sacrificar algúns tentadores acordos comerciais para non caer na súa dependencia e prefiren optar pola UE a pesar dos enormes sacrificios que esta lle impón. Non quixeron facerme caso cando eu lles advertín que o euro lles ía dar un grande desgusto. Cando a prioridade é preservar a independencia poden asumirse certos sacrificios temporais. Cando os viciños son repunantes litigantes máis vale buscar amigos lonxe.

Neste momento existen dentro da UE cando menos cinco procesos en estadio moi avanzado no camiño cara a creación dun estado propio: Flandres, Valonia, Escocia, Catalunya e País Vasco. Nós non somos un país rico coma eles. Aos humildes fállalles a autoconfianza e por iso o noso nacionalismo non ten a afouteza que da a fortuna pero non por iso é menos necesario. Todo o contrario, somos nós os que máis precisamos instrumentos para impulsar o noso propio desenvolvemento.

En realidade non somos un país tan pequeno. Somos un país que está entre os 100 máis grandes do mundo por poboación e entre os 50 máis grandes do mundo pola súa economía.

En Europa existen 11 países máis pequenos que o noso en termos de poboación que contan con estado propio (sen contar outros 5 micro-estados). 13 estados europeos teñen menor volume económico (PIB) que Galiza e no mundo existen nin máis nin menos que 137 países independentes de menor dimensión económica que nós.

Dígovos máis, os países máis pequenos de Europa teñen en xeral maior nivel de vida media que os grandes e ademais medran economicamente a maior ritmo que eles nas últimas décadas.

Todas esas cousas, que oculta e deforma o discurso oficial, temos que socializalas no noso país.

O **terceiro nivel** do noso discurso asenta nas vantaxes da soberanía

Galiza é unha vella nación, cunha antiga cultura e un lingua milenaria.

Galiza ten hoxe os recursos, a experiencia, os coñecementos, a capacidade de xestión e mesmo a arquitectura institucional esencial para facérmonos cargo dos nosos problemas e enxergar as solucións máis acaídas aos nosos intereses.

A nosa nación ten necesidade urxente de tomar decisións soberanas sobre a súa economía e os seus sectores produtivos para salvagardar os nosos intereses colectivos e garantir a capacidade de crear emprego e riqueza para as xeracións actuais e futuras.

Decidir soberanamente sobre o uso dos nosos recursos básicos para poñer a nosa riqueza mineral, hidráulica, eólica, solar, forestal e mariña ao servizo do noso desenvolvemento sustentábel, evitando o seu estragamento irresponsábel a beneficio de empresas foráneas.

Regular e xestionar soberanamente os nosos aforros e facer uso dos nosos recursos financeiros para favorecer o noso propio desenvolvemento.

A combinación creativa dos recursos financeiros e a intelixencia colectiva das nosas xentes no campo da ciencia, da técnica, da xestión e, en xeral, no mundo do traballo, libres das ataduras impostas, permitirían situar o noso país na vangarda do desenvolvemento no mundo de hoxe.

Galiza precisa plena soberanía fiscal para regular e recadar todo tipo de impostos para poñelos ao servizo do benestar dos galegos e galegas, mellorando e reforzando os nosos servizos públicos.

A nosa nación precisa soberanía para establecermos prioridades de gasto público que eviten estragar gastos inútiles como os actualmente destinados a gastos militares, mantemento das colonias africanas, outros gastos derivados da supeditación á política imperial das grandes potencias, financiamento da igrexa católica, etc.

Galiza precisa soberanía para proceder a unha racionalización administrativa que elimine a ineficiente e custosa estrutura actual como antes sinalei.

A nosa nación precisa soberanía para deseñar infraestruturas pensadas para serviren ao noso desenvolvemento autocentrado e non para reforzar o papel parasitario da capital do estado.

Galiza precisa soberanía para poñermos en marcha políticas agrarias, pesqueiras, industriais e terciarias autocentradas, é dicir, pensadas acorde coas nosas propias capacidades e intereses como país.

A nosa nación precisa plena soberanía para negociar con outros países todos os acordos relativos ao comercio de bens e servizos e aos fluxos de capitais, para garantir os intereses colectivos da nosa economía e o de sectores específicos que teñen un papel central no noso desenvolvemento (acordos pesqueiros, agrícolas, tecnolóxicos, etc).

Galiza precisa plena soberanía para preservarmos a nosa lingua desde a plena oficialidade e desenvolvermos con naturalidade a nosa cultura, as nosas artes e a nosa capacidade criativa en todos os eidos, para contribuírmos como galegos á avenza civilizatoria da humanidade.

En particular, Galiza precisa soberanía para termos un relacionamento integral, multifacético e mutuamente beneficioso con todos os países que usan a nosa lingua e as súas variantes.

Para iso ten Galiza que ter plena capacidade de decidir sobre si propia, como suxeito político colectivo.

Deixade que o diga coas verbas do noso admirado poeta do Courel Uxío Novoneira:

É xa hora de que señas toda patria dos teus  
dos que gardaron a fala en que máis se dixo *adeus*  
e señas dona de ti e señora de falar  
señora de decidir e dona de se negar

Pero bon... alguén ten dúbidas de que a soberanía é infinitamente mellor que a situación actual?  
Quen ten dúbidas?

### **“Piano piano si va lontano”: as tres patas**

Unha vez que temos clara a necesidade de emprendermos un proceso soberanista no noso país, as cuestións que cabe colocar son: **que camiño, como, con quen, a que ritmo.**

Sementouse nestes últimos tempos unha pouco construtiva confusión sobre o sentido e consecuencias do proceso soberanista para o BNG.

Como se alguén dubidara de pronto da nosa cordura ou da sabiduría colectiva acumulada púxose en circulación a especie de que nos lanzamos a todo gas cara a batalla pola independencia e que acabaremos contra as pedras.

Mirade!, todos os que estamos aquí, e eu o primeiro, sabemos moi ben que hai unha diferenza esencial entre a xeometría e a política. A distancia máis curta entre dous puntos políticos case nunca é unha liña recta.

Eu entendo moi ben, eu nacín nas terras de Camba. Percorrín moitas carredoiras desde pícaro e alí nunca atopabas 100 metros seguidos en liña recta. Todo eran voltas e revoltas!

Desde aquela teño as curvas sempre na cabeza!!

Todos sabemos que “piano, piano si va lontano”, moitos recordamos aquilo de Vladimir Ilich, paso a paso e “só un pasiño” por diante do pobo.

Tamén aprendín dos mariñeiros de Lira o que significa navegar de bolina.

Pois iso... que todos os galegos temos moito sentidiño. Ás veces demais!

Pero hai que andar e o camiño da soberanía ninguén nolo vai dar mallado.

Polo tanto e a risco de resultar pesado coma un mestre do ferrado permitideme que insista nisto: **o camiño cara a soberanía recorrerémolo apoiados en tres patas diferentes** que coevolucionan no tempo:

- a. por un lado un proceso social de sensibilización, debate e mobilización
- b. por outro unha lectura soberanista das alternativas sectoriais
- c. e por outra parte un proceso institucional baseado na loita político-electoral.

O primeiro non debe ser obra exclusiva do BNG como forza política, nin debe absorber as nosas enerxías, senón que debe ser obra dun Movemento Social Multicolor pola Soberanía, no que unha parte dos militantes do BNG participarán de xeito activo, man con man con outros soberanistas.

Para iso facemos un chamamento a abrir un proceso de debate social ao que se incorporen todas as organizacións políticas, sindicais, sociais, ecoloxistas, feministas, estudantís, xuvenís, culturais, deportivas, veciñais, redes sociais, relixiosas, medios de comunicación, asociacións profesionais, empresariais, clubs de todo tipo e todas as persoas integrantes do pobo galego, unha a unha.

Cada quen co seu perfil e coa súa impronta habemos erguer conxuntamente un debate vivo e mobilizador que contribúa a elevar a conciencia nacional do país, enxergue alternativas aos nosos retos cotiáns en clave nacional e que acabe construindo un amplo e transversal movemento cívico e político que conflúa na conquista da soberanía nacional plena para o noso país.

Non se trata de abrir escolas de filosofía en todas as parroquias.

Trátase dunha andaina de longo prazo que vaia alimentando a conciencia nacional. Paso a paso, gradualmente.

Por non facelo nos últimos vinte anos así estamos como estamos.

Trátase tamén de incorporar a pedagogía nacionalista á hora de analizar os problemas, os conflitos e as alternativas. Iso si tendo moi presente o 2 mandamento da igrexa debidamente adaptado: nunca pronuncies o nome da soberanía en vao!. Só cando veña realmente ao caso.

Algúns parecen temer que isto monopolice a capacidade de iniciativa e traballo do BNG. Non imos caer nese erro. O BNG ten que ser unha organización activa en todos eidos, como sempre foi, participar en todos os movementos ou actividades de interese social e político sexan ou non vinculábeis ao debate soberanista.

De igual xeito, esta aposta non pode reducir a intensidade do noso traballo institucional. Polo contrario, o BNG ten que conquistar as institucións para parar os pés ás políticas antisociais e antinacionais do PP pero tamén porque a conquista das institucións é un paso imprescindible para que o proceso soberanista poida culminar algún día. Será preciso a conquista democrática das institucións para que poida abrirse formalmente, e de xeito realista, un proceso soberanista. É necesario que o nacionalismo sexa maioritario nas institucións, no Parlamento. Como ocorre hoxe en Escocia, Flandres ou Cataluña.

Como se chega até aí?. Ese é o quid da cuestión!. Parecen non entendela nin a meirande parte dos esquerdistas nin unha parte dos que dentro de nós están temerosos.

Para conseguir iso o BNG non podemos descoidar ou minusvalorar as institucións nin a loita por alcanzar a maioría electoral. E sabemos moi ben, porque parvos non somos, que non conseguiremos esa maioría social se nos centramos de xeito monotemático nun discurso “raiado” repetindo todos os días soberanía!-independencia!

Para unha organización acadar o respaldo da maioría da cidadanía debe ser unha forza que ofrezca alternativas e solucións aos grandes problemas comúns desa cidadanía. Temos que ser quen de gobernar as institucións actuais, con políticas diferentes e alternativas para evidenciar as súas limitacións do marco actual. Unha e outra vez, até que a xente se subleve. Como dicía Castela, petando na ialma do pobo até crear un estado de opinión revolucionario!

Polo tanto, compañeiras e compañeiros, temos que traballar coas tres patas. Institucións complementadas coa loita social en todos os frentes e a batalla do Movemento pola Soberanía. E, por iso, este último non debe ser cousa dun único partido, senón un plan transversal de longo alcance no que participen creativamente todas e todos os nacionalistas e soberanistas.

O primeiro que temos que facer é convencer a certo nacionalismo que a soberanía non é un asunto meramente cultural, lingüístico ou identitario. A soberanía é poder gobernarnos nós mesmos, democraticamente, sen dependencias alleas.

Non faltan tampouco os que se apuntan ao discurso de que este é un momento excepcional de crise sistémica e que, en consecuencia, non debemos falar de soberanía. Disque a contradición principal é esquerda/dereita. E a estes amigos eu pregúntolles: e logo cal é o espazo no que nós queremos derrotar á dereita? Alemaña, Estados Unidos, o mundo ou Galiza? Acaso é a España? O troskismo mal asimilado fai estragos! E non digamos as estravagantes multitudes de Toni Negri.

Amigos e amigas, a loita de clases existe, coa particularidade que é a loita dos da cúspide contra os de embaixo. É a loita do capital financeiro global contra a maioría social. Para darlle a volta a iso a conquista da soberanía é a clave; compre romper as cadeas desa globalización.

De feito, non é só cuestión da mera independencia formal senón a soberanía real, a soberanía popular, o empoderamento da sociedade fronte aos mercados.

Esa é xustamente a senda que nos ensinan os países latinoamericanos que están saíndo do pozo neoliberal, facéndose donos dos seus recursos e creando unhas novas relacións económicas internacionais.



Hoxe por hoxe a liña de ataque de calquera esquerda que realmente o sexa ten que centrarse na loita contra a globalización neoliberal, recuperar a soberanía para poder poñer á sociedade por riba dos mercados!

Ao propio tempo o BNG ten que estar na loita social, nos movementos sociais, como está facendo de xeito exemplar neste momento:

- na loita das preferentes e subordinadas, como fan Xulio, Arximiro, Suso Domínguez e tantos outros
- no eido sindical como están facendo tantos compañeiros da CIG, mesmo a costa dunha arbitraria represión policial e gubernativa, como os compañeiros Antolín, Rafa, Carlos, Pintos e tantos outros
- na loita contra os desafuzamentos, como vimos a Carril, Jorquera, Mar e outros moitos compañeiros en diferentes localidades do país
- na defensa pola sanidade pública, na que traballan arreo moitos compañeiros como Moncho Veras, Paco Vizoso ou María Xosé Abuín
- na defensa do ensino público
- na defensa da lingua como fan todos os días miles de ensinantes,

Nós sempre estamos aí, sempre... sabemos ser organizadores e dinamizadores dos movementos sociais

### **Reforzamos a política institucional ao servizo da cidadanía**

Compañeiros e compañeiras, como antes dicía, o BNG ten que seguir batallando pola conquista das institucións do autogoberno. Aínda que acaben deixándoas como cascas semi-valeiras, son o punto de partida para as institucións soberanas.

Pero tamén sabemos facer unha xestión municipal exemplar.

Para empezar facémolo con honradez e transparencia, ao servizo dos veciños, cunha xestión económica responsable, con contas saneadas, que mesmo serven para poñer en evidencia o despropósito pro-banca das leis do PP que obrigan a devolver créditos á banca mesmo en contra dos intereses do concello, como ben denunciou hai uns días o compañeiro Evencio Ferrero.

Cómpre que saibamos que, ademais de prestar os servizos con calidade, os nosos concellos fan unha criativa e intensa actividade social, en colaboración cos movementos sociais ou levando a iniciativa:

- como a creación de Bancos de Alimentos en Tomiño (Sandra), Rianxo (Adolfo), Cariño, Carballo, Narón ou Zas
- creación de comisións contra os desafuzamentos en Carballo, Culleredo, Rianxo, Monforte
- acollida persoas sen teito en Pontevedra (Lores),
- fondos específicos para atender casos de emerxencia social, como fan os nosos compañeiros de Pontevedra, Rianxo, Tomiño, Monforte (Severino), Culleredo, Carballo, Poio (Luciano), Riotorto
- apoio contra o fracaso escolar en Tomiño
- mesmo conseguimos a primeira sentenza para que a Igrexa pague o IBI, en Allariz (Paco García).

Agora, os nosos concellos están sendo e serán a punta de lanza para enfrontar esa desastrosa reforma local que impulsa o PP.

Desde os concellos facemos país, apoiamos a economía social, melloramos a vida da xente e asentamos o BNG. Ánimo compañeiros e compañeiras.

### **Para ir rematando, deixádeme que diga algo da **unidade do nacionalismo e as relacións coas demais forzas políticas****

O panorama político hoxe mudou moito a respecto do que había cando celebramos a anterior asemblea.

Temos necesidade de traballar de xeito máis activo e creativo na sociedade e nos movementos sociais.

Temos necesidade de matizar moito o noso relacionamento coas demais forzas políticas que operan no país:

-temos que ser quen de manter unidade de acción con todos os movementos sociais e forzas de esquerda na loita contra as políticas neoliberais

-temos que partillar unha folla de ruta con todas as forzas nacionalistas para impulsar o movemento social multicolor soberanista

-temos que explorar fórmulas de colaboración estratéxica con todas as forzas nacionalistas que, respectando o principio de autoorganización, teñan vocación de construír un polo nacionalista maioritario na sociedade e nas institucións.

Con esa folla de ruta traballaremos nos vindeiros tempos, co obxectivo de convertermos o BNG nunha forza decisiva neste país a curto prazo e a todos os niveis.

### **Reforzar a cohesión interna**

Para os inmensos retos que nos estamos marcando, a organización ten que estar activada e engraxada.

A organización non pode ser un espazo de disputa senón un espazo de acordo e de articulación de iniciativas.

Ou nos comportamos como unha equipa unida, abeirando calquera tentación cativa, ou pereceremos frustrados un a un.

Por iso cómpre mudar estilos e modais. Cómpre abrir o corazón e compartir as arelas colectivas cos demais. Cómpre facer un exercicio diario de pensar no que nos une e esquecer o que puidera diferenciarnos. Non sobra ninguén, falta moita xente. Temos que darlle continuidade ao “proceso propón connosco” falando entre nós e falando cos de fóra.

Precisamos moita intelixencia emocional. Repartirmos xogo.

A alguén pareceralle unha cursilería ou algo prepolítico pero dígovolo como o sinto, teño a sensación de que o noso futuro nesta etapa depende menos das ideas que profesamos que dos sentimentos que xeramos.

Os sentimentos tamén son política!

Cultivemos os bos sentimentos, contaxiemos a ilusión.

O futuro é noso, o futuro é do BNG

Adiante o BNG

Viva Galiza ceibe e popular

Compostela 17 de marzo de 2013

Xavier Vence

Portavoz Nacional do BNG